


COVTRA
PRODUCTIONS

FOCUS




ENTREGA EN MAN

UNHA COMEDIA DENEGRIDA DE **MARTIN McDONAGH** VERSIÓN E DIRECCIÓN **CÁNDIDO PAZÓ**



O supremacista

EVARISTO CALVO




O negro

DIOGO SALES



A esbrancuxada

MARÍA ROJA



O dos calzóns

SANTI ROMAY

EN COPRODUCCIÓN CON



ESPECTÁCULO SUBVENCIONADO POR

AGADIC



XUNTA
DE GALICIA

Cuarto ruín dun hotel cutre nunha anónima vila americana. Carmichael, un supremacista branco estafalario e agresivo, ofrece unha recompensa por recuperar a man que lle cortaron de adolescente nun acto de absurda violencia. O mozo negro Toby e a súa noiva branca Marilyn pretenden enganar a Carmichael ofrecéndolle unha man roubada nun museo e que, polo escura que é, non parece ser a súa. Mervyn, o recepcionista do hotel, un tipo estrambótico e algo surrealista, intervén en tan insólita transacción e desátase...



**...UNHA COMEDIA TOLA E DENEGRIDA NA QUE,
AO FÍO DUN HUMOR MORDAZ E CORROSIVO,
ZUMEGAN TEMAS TAN CANDENTES COMA
O RACISMO, O MACHISMO, A XENOFOBIA...**



Martin McDonagh

O autor máis galego dos autores non galegos. Ben coñecido do noso público por títulos tan lembrados e premiados coma *Un cranio furado*, *Oeste solitario*, *A raíña de beleza de Liname*, *O home almofada* ou, tamén da nosa compañía, *O tolleito de Inihsmaan*.

Desde os seus tempos de dramaturgo residente no Royal National Theatre de Londres ata os seus éxitos en Broadway ou as súas coñecidas películas (*Perdidos en Bruxas*, *Tres anuncios nas aforas* ou *Almas en pena de Inisherin*), Martin McDonagh, unha mestura entre Synge e Tarantino, é un dos máis gabados escritores teatrais contemporáneos.

Coa súa grande habelencia para engaiolar os espectadores con historias trepidantes, situacións insólitas, personaxes de carácter e o seu ácido humor irlandés, tan emparentado co noso, é unha aposta segura nunha programación de calidade.





Cándido Pazó

Un dos directores e autores de referencia no teatro galego. Con espectáculos como: **O melro branco** (Premio Xeración Nós 1989) **COMMEDIA, un xoguete para Goldoni** (Premio Compostela 93 Mellor Espectáculo e Mellor Dirección, Premio de la Crítica del País Valenciá al Mellor Espectáculo 1994 e premio de la A.I.T.A. de Alicante al Mellor Espectáculo 1995 na versión de 1993 e Premio María Casares 2019 Mellor Espectáculo na versión de 2018); **Nano** (Premio María Casares 98 Mellor Adaptación e Mellor Dirección); **O bululú do linier** (Premio María Casares 2000 Mellor Texto Orixinal); **ÑikiÑaque** (Premio Max 2002 Mellor Texto Orixinal en Galego); **García** (Premio María Casares 2005 Mellor Texto Orixinal); **Emigrados** (Premio Max 2008 Mellor Texto Orixinal en Galego); **A Piragua** (Premio María Casares 2008 Mellor Texto Orixinal); **As do Peixe** (Premio do Público da Mostra de Ribadavia 2013, Premio María Casares 2014 Mellor Texto Orixinal); **A casa do avó** (Premio María Casares 2015 Mellor Espectáculo Infantil), **O tolleito de Inishmaan** (Premio María Casares 2017 Mellor Adaptación), **A galiña azul** (Premio FETEN 2019 Mellor Espectáculo de Títeres e María Casares 2020 Mellor Espectáculo Infantil) ou, máis recentemente, **Cigarreras** (Premio do Público do F.I.O.T. de Carballo e Premio María Casares Mellor Dirección 2022).



Con tres actores
experimentados
en McDonagh



EVARISTO CALVO

Premio María Casares ao Mellor Actor Protagonista por *Un cranio furado*, Premio María Casares ao Mellor Actor Protagonista por *Oeste Solitario* e Premio María Casares ao Mellor Actor Secundario por *O tolleito de Inishmaan*

SANTI ROMAY

Premio María Casares ao Mellor Actor Secundario por *Un cranio furado*, Premio María Casares ao Mellor Actor Protagonista por *O tolleito de Inishmaan*



MARÍA ROJA

Premio María Casares á Mellor Actriz Secundaria por *O tolleito de Inishmaan*

E unha nova incorporación

Actor brasileiro a quen damos a benvida.

Graduado na Royal Central School of Speech and Drama de Londres.

Participou en series como *Xogo de tronos*.

Esta é a súa primeira experiencia galega

DIOGO SALES



2011 *Memorias dun neno labrego*



2012 *Decamerón*



2013 *As do peixe*



2014 *Ra ra ra*



2016 *O tolleito de Inishmaan*



2017 *Nacidas libres*



2017 *Fillos do Sol*



2018 *Commedia*



2019 *A compañeira de piso*



2019 *O electo*



2020 *Mocos*



2021 *Cigarreiras*



ENTREGA EN MAN

UNHA **COMEDIA** DENEGRIDA
DE **MARTIN McDONAGH**

Título orixinal

A behanding in Spokane

Versión

Cándido Pazó

Escenografía e atrezzo

Pablo Giráldez "O Pastor"

Vestuario

Martina Cambeiro

Iluminación

Afonso Castro

Música

Guillermo Fernández

Axudante de dirección

Antonio Mourelos

Dirección de produción

Belén Pichel

Dirección de escena

Cándido Pazó



Contacto

BELÉN PICHEL

605263755

belenpichel@gmail.com

Unha produción de


COVTRA
PRODUCCIÓN

En coprodución con



Subvencionado por

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



**XUNTA
DE GALICIA**